

A Casa do Escudo de Verín acolle, dende hoxe ata o 23 de marzo, Estímulos Contemporáneos, unha exposición colectiva de artistas lusos contemporáneos.

Alfredo Cabeleira, Augusto Canedo, A. Pizarro, Carina Nascimento, Helder Carvalho, João Pedro Rodrigues, João Pessanha, Marco Costa, Margarida Leão, Muchagata, Nuno Duque e Pedro Rodrigues únense para transmitir aos espectadores, a través de trazos e cores, a procura da razón e emoción dunha experiencia visual capaz de mostrar novos motivos do universo creador.

A exposición poderase visitar de luns a sábado, das 10 ás 14 horas e das 16.30 ás 20.30 horas.